



Fichas divulgativas axudas desenvolvemento rural

FICHA 6/DR



Conversión á agricultura ecolóxica

Versión 2.3

Axudas no marco del PDR de Galicia 2014-2020 aprobado mediante Decisión de execución da Comisión C(2015) 8144 do 18/11/2015

NORMATIVA
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Regulamento (UE) 1305/2013 relativo á axuda de desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ✓ Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 352/78, (CE) nº 165/94, (CE) nº 2799/98, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello. ✓ Regulamento (UE) 1307/2013 relativo aos pagos directos ós agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco de la Política Agrícola Común (PAC). ✓ Real Decreto 1075/2014, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagos directos e dos pagos aos desenvolvemento rural.
BENEFICIARIOS
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Agricultores (persoas física ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita no correspondente rexistro (REGA/REAGA). ✓ Que reúnan as condicións de agricultor activo recollidas no artigo 8 do Real Decreto 1075/2014, de aplicación dos pagos directos á agricultura e a gandería e outros réximes de axuda e de desenvolvemento rural¹. ✓ Que cumpran as condicións de elixibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos indicados nesta submedida. ✓ Que todas as unidades de produción (superficie/colmeas) da súa explotación inscritas nos rexistros de operadores de agricultura ecolóxica se encontren en período de conversión e este finalice a partir do 1 de xullo, inclusive, do ano da solicitude de pago.
CONDICIÓNS ELIXIBILIDADE
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Recibir un servizo de aconsellamento específico dunha entidade de aconsellamento autorizada (inscrita no RESAXEGA).
COMPROMISOS
<p>Durante este período non será posible aumentar as unidades comprometidas.</p> <p>Os compromisos específicos para esta submedida son:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Empregar as técnicas de produción ecolóxica establecidas no Regulamento (CE) 834/2007 e demais normativa de aplicación. ✓ Estar inscrito no correspondente rexistro de operadores de agricultura ecolóxica. ✓ Obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento (CE) 834/2007. ✓ Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso. Porén, o número de hectáreas poderá reducirse como máximo nun 10% da superficie suxeita ao mesmo ao inicio do compromiso, sempre e cando non se vexa comprometido o logro do mesmo. ✓ Manter o caderno de explotación esixido en agricultura ecolóxica aos efectos dun control das producións ². ✓ Deberá presentar unha solicitude anual de pago dentro da Solicitude Única de axudas. ✓ Os compromisos aplicaranse a parcelas físicas.



COMPROMISOS

- ✓ Ademais do anterior:
 - ✓ Só se computarán as colmeas localizadas en alvarizas que estean a unha distancia de, polo menos, 1 km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor. Ademais, para ser primables, as coordenadas de localización de cada alvariza figurarán obrigatoriamente na solicitude de pagamento e deberán constar na base de datos oficial do REGA..

DURACIÓN DOS COMPROMISOS

- ✓ Os compromisos contraeranse por un período de 5 anos divididos en dous tramos:
 - a) Conversión á agricultura ecolóxica: terá unha duración máxima de 2 anos en cultivos anuais e pastos e de 3 anos en cultivos permanentes distintos de pastos.
 - b) Mantemento da agricultura ecolóxica: estenderase o número de anos necesarios para completar o período.

AXUDAS

- ✓ Agricultura ecolóxica:

Grupos de Cultivo	€/Ha de SI
Cultivos herbáceos	245
Froiteiras (pebida e oso)	385
Outras froiteiras (castiñeiro, etc.)	165
Hortícolas aire libre	469
Hortícolas baixo	600
Viñedo para vinificación	897

- ✓ Gandería ecolóxica:

Grupos de Cultivo	€/Ha de SI
Prados e cultivos forraxeiros	331
Pastos arbustivos e pastos con arboredo	99

- ✓ Apicultura ecolóxica: 35 € por colmea en conversión, cun máximo de 80 colmeas por alvariza que estea a unha distancia de, polo menos, 1 km respecto do resto de alvarizas do mesmo apicultor.

No serán indemnizables:

- a) As superficies de usos en común.
- b) As superficies de interese ecolóxico indicadas no artigo 24.2 do RD 1075/2014.

¹ Ver ficha divulgativa de pagos directos 2a

² Este caderno terá, como mínimo, o contido que se indica no anexo 12 da orde da convocatoria das axudas.